

A internacionalización das empresas galegas. O caso da China

Martín Ignacio Prieto

O concepto de internacionalización.

Poucos termos están hoxe en boca de todo o mundo como o de internacionalización. A caída da demanda nacional leva a que as empresas dirixan a súa ollada a mercados exteriores e, principalmente, ás economías emerxentes que gozan de crecementos por cima do 5%.

Unha primeira consideración, que é máis unha cuestión de clasificación da actividade que outra cousa, refírese a se unha empresa exportadora é ou non unha empresa internacionalizada.

Persoalmente, son partidario de diferenciar unha doutra. Sobre todo porque dentro do escaso número de empresas españolas que venden no estranxeiro, só un 1,2% das mesmas se estableceron dalgún modo nos mercados exteriores⁽¹⁾.

En xeral úsase o termo internacionalización para definir o conxunto de estratexias e actividades que se desenvolven para situar unha empresa ou conxunto de empresas de forma activa no mercado exterior. E isto en contraposición coa simple actividade exportadora, onde a/as empresas actúan satisfacendo do mellor modo posible os requirimentos dos seus clientes cun acceso limitado á realidade dos mercados onde envían os seus produtos.

A venda pasiva, cando o cliente vén buscarnos e lle despachamos o produto, non adoita ofrecer unha posición de fortaleza a medio prazo porque nunca saberemos até que punto o noso produto interesa, cales son as tendencias do mercado, que ameazas se cernen sobre o noso negocio, etc.

Nun mundo tan globalizado, os compradores expertos estudan continuamente o mercado buscando a mellor oferta e, a non ser que dispoñamos dun recurso estratéxico -algo que os demais non teñan- máis tarde ou máis cedo perderemos o cliente. Por todo iso, é recomendable que as empresas se internacionalicen, quere dicir, teñan presenza nos mercados exteriores, xa sexa mediante filiais, centros de produción, acordos de Joint Venture, etc. É máis caro, evidentemente. Mais é como todo na vida. Se queremos resultados relevantes temos que pór en xogo recursos proporcionais.

En segundo lugar, cando se cita a palabra internacionalización xeralmente téndese a entender como un proceso expresamente ligado coa acción de vender nos

(1) En España hai algo menos de 3,5 millóns de empresas, das que o 99,8% son PEMES, e delas o 94% considéranse micro PEMES (menos de 10 traballadores). Estas porcentaxes revelan unha alta fragmentación empresarial, superior á media doutros países desenvolvidos. Delas, menos de 40.000 empresas considéranse exportadoras habituais e só o 0,2% dispón dunha filial no estranxeiro.